

PERMISO DE ORGANIZACIÓN NÚM. GA-015-MO

A Federación Galega de Automobilismo autoriza a entidade nomeada **ESCUDERIA BUXA MOTOR POIO** para organiza-la proba nomeada **24ª SUBIDA A ESCUSA-POIO** os días **7, 8 e 9 de Xuño de 2024**.

A presente autorización emítese ao abeiro do disposto no Artigo 3.6.b) dos vixentes Estatutos da Federación Galega de Automobilismo, aprobados en Asemblea Extraordinaria do día 7 de Abril de 2013, ratificados pola Resolución do 17 de Setembro de 2013 da Secretaría Xeral para o Deporte, da Xunta de Galicia, no exercicio da función publica delegada que ten atribuída a Federación Galega de Automobilismo por disposición do Artigo 56.4 da Lei 3/2012, do 2 de abril, Lei do Deporte de Galicia, publicada no D.O.G.A. número 71/2012. É condición indispensable para poder celebrar a proba a posesión deste documento por parte da entidade organizadora, á vista de que a expedición do permiso de organización é unha competencia que a Federación Galega de Automobilismo exerce en réxime de exclusividade. A responsabilidade dos Organizadores en relación a calquera incidencia que puidese xurdir con motivo da celebración da proba regulada no Artigo 21 da normativa xeral das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia.

Para presentar: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Servizo Técnico Administrativo e Interior. Xefatura Territorial.

Expídesse este documento en Lalín (Pontevedra), a **12 de ABRIL de 2024**.

Selo da F.G. de A



Sinatura do Presidente da F.G. de A.

Selo da Entidade Organizadora

Sinatura do Presidente da Entidade Organizadora

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Aviso de Confidencialidade: Esta mensaxe e os seus anexos ou adxuntos contén información privilexiada ou confidencial e son de uso exclusivo para o seu destinatario/a e diríxense exclusivamente ó seu destinatario. Queda prohibida a súa divulgación, copia e distribución a terceiros, distintos do destinatario sen a autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo. En todo caso se Vd. non e o seu destinatario/a indicado/a, e recibiu esta mensaxe por erro, rogámoslle que nolo comunique dun xeito inmediato, por esta mesma vía e que proceda de inmediato á destruír dita información e a eliminala do seu sistema.

Información relativa a Tratamento de Protección de Datos. (RXPd) e (LOPDGDD): En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* en canto a normativa de Protección de Datos e tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que calquera dos datos recabados por este medio ou por calquera outro que Vd. nos facilite, será incorporado a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión da Federación Galega de Automobilismo (Responsable de Tratamento)**, e que o tratamento dos seus datos farémolo co único fin de xestionar o servizo solicitado e únicamente para xestión e trámite do seu expediente. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e as políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade. Se vostede desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos a súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar en <http://www.fga.es/> ou pode acadar dita información nas dependencias de esta entidade. Lembre que pode exercer calquera dos seus dereitos: **solicitar confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a oporse o seu tratamento e solicitar a limitación de éste. Tamén se considera que os seus dereitos non son atendidos** pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** <https://www.aepd.es/>, dirixindo a solicitude ó Responsable do Tratamento, no seguinte enderezo: **Rúa B, nº 72-Baixo, 36500 Lalín (Pontevedra)**, ou dirixindo e-mail a: fga@fga.es. As solicitudes deberán ser dirixidas á **Delegada de Protección Datos**, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.